


Martes, 07 de outubro de 2014

Letra das Festas 2014



Redacción.-

Coa colaboración da Concellaría de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo e a coordinación e presentación de Antonio Reigosa e Isidro Novo, a Sección de Literatura de Tradición Oral da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega organiza a cuarta edición desta "revista de literatura oral ao vivo" que sae sempre polo San Froilán, e na que este ano interveñen persoas que rememoran persoeiros singulares de Lugo e arredores, todos reais, denominados de mil maneiras: tolos, loucos, dementes, chalados, chiflados, lunáticos, maniáticos, idos, majaretas, traslidos e outros moitos calificativos para diferencialos de todos os que nos consideramos "normais". Entre eles O Currinche, Caín, Balbino, anécdotas de Fole ou de Cunqueiro e... algunas sorpresas que non podemos revelar.

Letra das Festas.
Memoria de personaxes singulares de Lugo e arredores
San Froilán

2014

Círculo de las Artes

Mércores, 8 de outubro, 18:00 h.

Entrada de balde

Interveñen

Ángel Martínez Fernández de la Vega, Paco Nieto, Isidro Novo, Lourdes Abuíde, Lois Pérez e Marica Campo.

Música

Abraham Cupeiro e Héctor Barro